

BASES DE INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE TEATRO PARA A MOCIDADE

1 INFORMACIÓN XERAL

O Campamento de Teatro terá lugar de luns a venres no horario de 09:30 a 14.00 h no Centro Social Liceo, e celebrarase en catro quendas:

1º quenda: do 11 ao 22 de xullo

2º quenda: do 26 de xullo ao 05 de agosto

3º quenda: do 08 ao 19 de agosto

4º quenda: do 22 de agosto ao 1 de setembro

2 DESTINATARIOS/AS

Mozos e mozas nadas entre os os anos 2004 e 2010.

Terán preferencia as persoas empadroadas no termo municipal de Rianxo.

O número máximo de prazas é de 25.

3 INSCRICIÓN

As solicitudes de inscrición faranse a través da web municipal (<https://concelloderianxo.gal>) ou de forma presencial no departamento de Xuventude no Auditorio de Rianxo.

Os prazos de solicitude serán ata:

1º quenda: 08 xullo

2º quenda: 22 xullo

3º quenda: 05 agosto

4º quenda: 19 agosto

No caso de non cubrirse as prazas, seguiranse admitindo solicitudes posteriormente.

4 SELECCIÓN

Por adxudicación directa: se ao remate do prazo de inscrición non se cubriron todas as prazas, todas as solicitudes serán admitidas, e as solicitudes seguintes adxudicaránse directamente por orde de solicitude.

Por sorteo: se o número de solicitudes supera o número de prazas, procederase a sortear as prazas e á creación dunha listaxe de agarda por medios electrónicos nun sorteo público.

Para este sorteo terán preferencia a mocidade empadroada no Concello de Rianxo.

5 LISTAXE DE ADMISIÓN

A listaxe de admisión, que terá carácter definitivo, publicarse o día antes do comezo na páxina web municipal.

6 RÉXIME DE ASISTENCIA

A non asistencia xustificada ao inicio da actividade resultará na suspensión da participación na actividade e na perda da praza, que será ofertada á seguinte persoa na listaxe de agarda.